



Concello de Mugaros
(A Coruña)

Procedemento

Código SIA

Expediente: PLN/2023/06

Trámite Acta.- Acta de sesión extraordinaria realizada con data 02.05.2023

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO CON DATA DOUS DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E TRES

Cadro de asistencias	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Argemino Varela Filgueiras	Asiste
María del Pilar Diaz Otero	Asiste
Iván Martínez González	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Irene Toimil Fernández	Excusa a súa asistencia
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste

Coa presenza da Interventora municipal, Ana María Gómez Peña.

Actuando como secretaria, a titular do posto Paula E. Ramos Díaz.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

No Salón de Sesiões do Concello pola Presidencia declárase aberta a sesión sendo as oito horas e trinta e tres minutos, primeira convocatoria.

1º.- SECRETARÍA.- ELECCIÓNS LOCAIS 2023: SORTEO MEMBROS MESAS ELECTORAIS. En atención aos sinalado na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e posteriores modificacións, Real Decreto 489/1995, de 3 de abril polo que se ditan normas reguladoras dos procesos electorais, e Decreto 605/1999, de 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais e as súas modificacións (Ordes Institucionais 529/2014 de 28 de marzo e 358/2015, de 27 de febreiro). De conformidade co artigo 26 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (modificado pola Lei Orgánica 2/2011, de 28 de xaneiro):

1).- A formación das Mesas compete ós Concellos baixo a supervisión das Xuntas Electorais de Zona.

2).- O Presidente e os Vogais de cada Mesa son designados por sorteo público entre a totalidade das persoas censadas na mesa da sección correspondente, que sexan menores de 70 anos e que saiban ler e escribir. O Presidente deberá ter o título de Bacharelato ou o de Formación Profesional de segundo grao, ou subsidiariamente, o de Graduado Escolar ou equivalente.

3).- Procédese da mesma forma o nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da Mesa. O artigo 25 da devandita Lei sinala que a Mesa Electoral está formada por un Presidente e dous Vogais.

Para efectuar o indicado sorteo terase en conta a información subministrada pola Oficina Provincial do Censo Electoral, con lista de electores referidos ás Mesas dos Distritos e Seccións do termo municipal de Mugardos.

A secretaria indica que xunco co sorteo principal realizaranse oito adicionais por cargo (presidente, 1º vogal e 2º vogal) para cubrir posibles posteriores necesidades de novos nomeamentos segundo as comunicacións que sexan dirixidas ao concello pola Xunta Electoral de Zona de Ferrol.

A continuación da comezo o sorteo levándose a cabo lectura pública do resultado do sorteo principal deixando copia dilixencia do mesmo e dos oito complementarios debidamente como Anexo á presente acta e no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 2761/2022.





Concello de Mugaros
(A Coruña)

O Pleno da Corporación considera correcto o sorteo efectuado sen formular ningunha observación, polo que lle presta conformidade, dispoñendo sexa remitido o resultado á Xunta Electoral de Zona.

Sendo as oito horas e corenta e sete minutos do dous de maio de dous mil vinte e tres, non habendo máis asuntos que tratar, o Alcalde levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

Mugaros, na data que figura na sinatura dixital á marxe

Visto e praxe
O alcalde

A secretaria

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

